



8M Dereitos reais para as mulleres traballadoras galegas!

Hai máis de 100 anos que o 8 de marzo é a principal data reivindicativa do calendario feminista. Esta longa traxectoria actualízase en cada lugar do mundo e en diferentes momentos da historia como un instrumento da acción e da loita colectiva das mulleres. Na Galiza de hai 104 anos, un 8 de marzo as mulleres da comarca de Ferrolterra iniciaban unha revolta fronte aos tiranos e os caciques polo pan e unha vida digna, ao berro de “Temos fame, abaixo os acaparadores” xa entón as mulleres traballadoras amosaban ao pobo o camiño da revolta.

Sabemos que hai moito máis tempo que as mulleres son parte da loita pola emancipación e xa resistían e construían alternativas ás moitas formas de dominación. Reunir ás diversas mulleres de todo o mundo en torno dunha data é esencial para construír un suxeito político colectivo que ten raíces e historia e que coloca a igualdade a liberdade como eixos de loita.

Neste 2022 as galegas enfrontamos unha fenda salarial dun 19 e o 46,7% das traballadoras cobran menos do SMI. A temporalidade, ocupamos o 76,7% dos traballos parciais, e a precariedade, moitos dos contratos asinados por mulleres duran menos dun mes, convirten ás mulleres galegas na face da pobreza no noso país. As nosas pensionistas teñen de media 10 anos menos de cotización que os homes e un 36% das desempregadas non percibe ningún tipo de subsidio por desemprego. As mulleres galegas traballamos ademáis no sector dos servizos, o 87% das asalariadas mulleres o están neste sector, que é un dos de maior perda de dereitos laborais o que convirte a conciliación nun papel mollado na nosa realidade diaria. O 20,05% das mulleres estaban en risco de pobreza ou exclusión social en Galiza en 2020 e a cousa non mellora.

Os recortes seguen golpeando en maior medida ás mulleres no noso país e alá onde foron aplicados: recortes en programas de prevención e atención ás mulleres agredidas, recortes dos programas relacionados coa educación e a crianza, recortes na sanidade que repercuten nos tratamentos específicos relacionados coa saúde das mulleres, desmantelamento de políticas públicas de igualdade e vivenda, exclusión social e pobreza. O 94% das axudas a través das rendas de inserción social para familias monoparentais en Galiza con para mulleres.

Vivimos unha ofensiva do capital transnacional sobre os nosos territorios que tamén impactan gravemente no noso pobo e na vida das mulleres. A destrución do medio e a explotación dos recursos naturais trae consigo a destrución dos modos de vida e a economía tradicional que sirven de apoio a miles de mulleres para enfrontar o impacto do capitalismo e da súa economía depredadora. Esta ofensiva depredadora da minería e o extractivismo tamén tivo en fronte a organización e a loita das mulleres na defensa do territorio.

Todos estos datos económicos evidencian que a alianza patriarcado capital continúa a pór en risco a vida das mulleres e os territorios e require dun confronto social e institucional que teña no feminismo unha das súas ferramentas imprescindíbeis.

Nun estado cada día máis antidemocrático asistimos ao crecemento de sectores conservadores e a súa influencia na política e na economía. Devolver ás mulleres aos roles tradicionais é a proposta deste sector conservador para xustificar o recorte dos servizos públicos. Dende quen defende limitar o dereito ao aborto pate quen propón eliminar os programas de igualdade para manter a explotación das mulleres no ámbito doméstico. O capitalismo, o patriarcado e o racismo manteñen deste xeito ás mulleres nunha situación de desigualdade con menos acceso á renda e aos dereitos.

Tamén observamos que o feminismo se amplía e enraiza, virou unha axenda xeral da sociedade e non só dos movementos feministas organizados. Hai múltiples grupos e formas de actuar, mas tamén contidos comúns que pasan por recoñecer o carácter patriarcal e racista do capitalismo e a centralidade da axenda do coidado, a importancia de defender a diversidade afectivo-sexual, a necesidade de afirmar valores democráticos e formas horizontais de poder e a importancia da autoorganización das mulleres.

Mas fronte a este crecemento hai unha reacción do mercado para incorporar o ideal de liberdade e igualdade. Basta ver a linguaxe feminista empregada en propaganda de roupa e cosméticos vinculada ao 8M polas mesmas empresas que explotan o traballo e a vida das mulleres ou os apelos á participación na folga de mulleres de persoas vinculadas ao capital e ao poder. Isto banaliza e tira radicalidade ao feminismo, como sabemos o mercado tenta facer do feminismo o “novo espírito” do capitalismo global. Pretenden converter o noso movemento político en máis un obxecto de consumo asimilando nom só a estética senón parte esa parte da mensaxe máis desvinculada da crítica profunda do sistema capitalista.

A Marcha Mundial das mulleres fai unha crítica integral ao actual modelo e aposta por un feminismo antisistema que se opoña á actual orde capitalista, patriarcal, racista, heteronormativo e colonial. Sabemos que esa aposta non é fácil nen cómica, mas é a máis coherente coa nosa defensa dunha sociedade con novas relacións, con outras formas de organizar o traballo, de garantir a sustentabilidade da vida e onde exista espazo para novas subxetividades baseadas na autonomía e a igualdade. Sabemos tamén que o horizonte de transformación e formas de loita constrúense en cada momento analizando o contexto e como as forzas dominantes operan, por iso neste momento na Galiza a loita pola democracia, polo dereito dos pobos a decidir o seu futuro, contra a guerra, pola soberanía alimentar e a defensa do territorio e contra a explotación capitalista son eixos esenciais da axenda do feminismo para crear unha axenda de mobilización e transformación social.

Por iso neste 8M de 2022 queremos que a nosa campaña fale de dereitos reais para as mulleres traballadoras galegas, defendendo a necesidade de empregos dignos para vidas dignas, dun sistema público de coidados que dé resposta as necesidades sociais e coloque os coidados no centro, o dereito a acceder a unha vivenda en condicións dignas que nos permita desenvolver os nosos proxectos de vida así como políticas que garantan os suministros e a alimentación como dereitos básicos fronte á especulación e a acumulación capitalista e unha defensa férrea da sanidade pública como outro pilar básico dunha sociedade xusta na que todas vivamos dignamente.

Seguimos comprometidas en construír un feminismo que transforme o mundo e a vida das mulleres e para iso afirmar o carácter anticapitalista, antipatriarcal e antirracista do feminismo é esencial para construír unha sociedade diferente que coloque a vida no centro.

Seguimos en marcha até que todas sexamos libres.

Coordenadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres

8 de marzo de 2022